

Paris, 16 de xulio de 1969

Sr. D. Valentín Fernández.  
Segretario de goberno do  
Consello de Galiza.  
Bos Aires.

Ben querido amigo:

Sen ningunha sua que contestar, escribo de novo pra xuntar a presente orixinal da carta que recibin de Don Josep Tarradellas, Presidente da Xeneralidade de Catalunya (gardo fotocopia nos meus archvis). ¿Qué pensan no Consello de xestión que fago cos catalans, agora, e que penso fazer cos vascos no mes de agosto en Bayona?

Estou esperando o Manifesto do Dia de Galiza.

Mandéi por correo separado: dous exemplares do periódico republicán POLITICA; duas publicacións da Unión do Pobo Galego; unha nova lista con nomes e aderezos de xentes as que convén enviar o CORREO, e unha relación dos asistentes o Congreso de Colmar pois penso que, tamen a todos eles, e conveniente mandar nosas publicacións.

UNION DO POBO GALEGO. Chamoume por teléfono Luis González, estudante de quen xa lles falei pois respondin por el diante da policia francesa. Veu a verme logo e díxome que recibira instruccións de Galiza no senso de que se puxese a traballar de acordo con Delegado do Consello en París. Pregunteille, craro está, a qué se debía o cambio de aitude do seu grupo con respecto a nos, quenés, según él "andabamos pola vella", e díxome que "o parecer" o Consello comenzaba a traballar ben no interior e as xentes da terra aconsellaban a colaboración con nos.

Eu limiteime a decir que escribiría o Consello pedindu instruccións, pero fixenlle notar que eles "A Unión do Pobo Galego" eran un grupo de orientación totalitaria (comunista pro-chino) que aquí, en Francia, está fora de lei e que, ademais, nos tiñamos relación e amizade coh todos os grupos democráticos do interior e do exilio e que non podíamos pactar ca Unión e romper cos outros grupos da oposición con os que estabamos no Consello Federal, na Unión de Forzas Democráticas, etc. etc. Aseguroeme -como fan sempre- que eles son demócratas, que Santiago Carrillo e un reaccionario, etc. Pediume logo, e penso que ese era o principal motivo de visita, unha axuda económica pra él. Espriqueille a miña propia situación económica pero prometinlle escribir o Consello. Así e fago. Tamen lle dixen que si un día a policia francesa o colle traballando

na clandestinidade, pode decir que traballa pra nos. Eu responderei por él. De outra forma poñeriano na fronteira. Vostedes dirán o que fago con este rapaz. Persoalmente non penso seia de interés pra nos traballar con esta xante. Perderíamos a amizade dos socialistas, republicans, demócratas-cristiáns, vascos, catalans, etc. ademais da de moitas xentes da terra que non queren ningunha clase de totalitarismo, seia franquista, seia maoista. Pedemos ter relacións con eles, pero sen compromisos escritos, e de ningunha maneira de forma oficial.

Sr. D. Valentín Fernández.  
Espero noticias sobre este asunto.

Unha forte aperta de  
Bos Aires.

Ben querido amigo:  
X. Alvajar

Sen ningunha das que contestar, escrito de novo pra manter a presente orixinal da carta que recibín de Don Josep Terradellas, Presidente da Xeneralidade de Catalunya (garde foto-copia nos meus arquivos). (Que pensan no Consello de Xestión que fago cos catalans, agora, e que penso fazer cos vascos no mes de agosto en Bayona?)

Estou esperando o Manifesto de Día de Galicia.

Mandéi por correo separado: dúas exemplares do periódico republicán POLÍTICA; dúas publicacións da Unión do Pobo Galego; unha nova lista con nomes e abedecidos de xentes as que ven enviar o CORREO, e unha relación dos asistentes o Congreso de Colmar pois penso que, tamen a todos eles, e convenientemente mandar nos as publicacións.

UNION DO POBO GALEGO. Chamounne por teléfono Luis González, en esta-  
dante de quen xa lles falei pois respondín por el diante da policía francesa. Ven a verme logo e díxome que recibira instrucións de Ga-  
lia no senso de que se puxese a traballar de acordo con Deleado do Consello en París. Preguntéille, craro está, a que se debía o cambio de actitude do seu grupo con respecto a nos, dunes, según éi "andabamos pola vella", e díxome que "o parecer" o Consello co-  
menzaba a traballar ben no interior e as xentes da terra aconsella-  
ban a colaboración con nos.  
En limítimamente a decir que escribín o Conse-  
lio pedindo instrucións, pero fíxeme notar que eles "A Unión do Pobo Galego" eran un grupo de orientación totalitaria (comunista pro-chino) que aquí, en Francia, está fora de lei e que, ademais, nos tiñamos relación e amizade con todos os grupos democráticos do in-  
terior e do exilio e que non podíamos pactar co Consello Fede-  
ral, na Unión de Forzas Democráticas, etc. etc. Asegúroneme -como fan sempre- que eles son democratas, que Santiago Garrillo é un resiste-  
nario, etc. Pedíame logo, e penso que ese era o principal motivo de viaxe, unha axuda económica pra él. Escribílle a miña propia si-  
tuación económica pero prometílle escribir o Consello. Así o fago.  
Tamen lle díxen que si un día a policía francesa o colle traballando